

# Día do Amor Fraterno Cada xesto conta

Cristo, pan de vida



  
**Cáritas**  
Diocesana de Tui-Vigo

Curso 2019 - 2020 / Tui - Vigo

  
DIOCESE TUI-VIGO

## **DIA DO AMOR FRATERO CADA XESTO CONTA**

### **A CARIDADE NON PECHA, REINÍCIASE**

A lectura da historia da Igrexa descúbrenos continuamente a resposta que en cada momento se da desde a comunidade cristiá aos retos que se presentan na sociedade. No medio de violentas guerras, nas crises sanitarias, na pobreza máis extrema, nas desigualdades en que homes e mulleres foron escravizados, na educación e na saúde, alí sempre xurdiron persoas vocacionadas a vivir a caridade. Unha resposta que nace da fe en que o Señor nos convida a descubrir o seu rostro no que sofre e padece.

As obras de misericordia atopan o seu canle nos corazóns agradecidos que despregan o seu imaxinativo para deixar que o Señor cre un vínculo entre a persoa ferida e a fonte incesante do amor que é Cristo.

Hoxe, a Igrexa, e dentro dela as comunidades parroquiais coas súas Cáritas e o organismo diocesano, xunto coas diversas institucións nadas no seu seo, oran, reflexionan, organizan, traballan, serven e danse en ofrenda pondo o mellor de si mesmos. Non e unha xestión organizativa, nin un afán propagandístico, nin a mera supervivencia dun organismo, é a de facerse caridade, non so facer o ben senón o reto de personificar en cada xesto e cada acción, na acollida e no servizo que Deus da esperanza e faise presente nos momentos máis desalentadores das persoas. Alentar que cada un, desde a angustia máis cegadora, é capaz de erguerse da humillación e seguir adiante. Ser a man amiga que se achega ao corazón para provocar e facer ver o sol que amence.

O Xoves Santo que celebramos é ben distinto dos que vimos de ter ata agora. Na noite Xesús reúne aos seus amigos e entrega o testamento do amor. Dinos: “Douvos un mandamento novo, que vos amedes uns aos outros como eu vos teño amado”. E o fai pódndose de xeonllos diante de cada un provocando que para amar e servir hai que deixarse amar e lavar polo Señor. Xesto incómodo, revolucionario, transgresor e que se converte no sinal máis provocador, o reto máis grandioso, gratuito e agradecido que podemos vivir. Amádevos como eu vos teño amado. Non un amor calquera, o amor do mesmo Deus manifestado en Cristo. O amor da ollada compasiva, do perdón sen lindes, da misericordia, da palabra consoladora e do agarimo máis tenro.

Desde esta ollada permitídemme unha presentación do labor que vimos desenvolver nesta xeira que nos toca vivir.

### **CARITAS PARROQUIAIS**

Os primeiros momentos da chegada da pandemia e da posterior alarma sanitaria foron difíciles de asimilar. Os temores foron medrando e paralizando as respostas inmediatas. A fragilidade fíxonos máis conscientes da necesidade de establecer redes de colaboración e superar as dificultades primeiras, pois o temor non escapa á nosa sensibilidade como en calquera outra persoa. Cada equipo parroquial foi tomando as decisións conforme foron sucedendo os feitos. O primeiro salvagardar a saúde, dos voluntarios maiores dos equipos e dos participantes. Valorar, á luz das recomendacións chegadas do Servizos Xerais de Cáritas



española e da Cáritas Diocesana. Establecer uns criterios de actuación, sabendo que debe primar a caridade por enriba de todo.

Pouco a pouco fóronse tomando as medidas máis adecuadas: teléfono de emerxencias, uns de atención na parroquia outros derivando á diocesana; non deixar a ninguén desamparado facendo a atención telefónica na acollida e no acompañamento; buscar os recursos para a atencións ás persoas: alimentación, pagos de recibos, axudas puntuais; onde non é posible a entrega de alimentos se estableceron a través de vales e axudas económicas.

Pasados xa as primeiras semanas de confinamento as cáritas parroquiais seguen a acompañar as familias e a porse a disposición das novas situacións que poidan ir xurdindo.

Algunhas cáritas estableceron un sistema de entrega: cita distanciada entre os diversos participantes evitando estar varias persoas; visitas domiciliarias, sobre todo no rural.



As traballadoras e traballadores da Sede puxéronse ao servizo das Cáritas parroquiais para axudar a recoller os alimentos, facer os paquetes e a entrega naquelas parroquias en que os voluntarios non poden saír dos seus fogares.

Tamén o acompañamento de persoas maiores que están sos e as familias para saber da súa situación. Esta é unha oportunidade para a reflexión e a oración. É esta unha chamada á imaxinación creativa.

## CARITAS DIOCESANA

Din que as presas non soan boas compañeiras de viaxe da eficacia. Pero a todos nos supuxo un reto ir dando respostas a cada un dos días desta nova situación. Era necesario adaptar o traballo ás directrices das autoridades. Así, foi dun valor inestimable os técnicos tanto da nosa Cáritas Diocesana como as orientacións que nos ían indicando desde os Servizos Xerais de Cáritas Española.

Tomáronse decisións valentes e que puxeron unha vez a dar froito o amor con que nos distintos proxectos e programas as traballadoras e voluntarios entregaron o mellor de si mesmos.

A atención dos participantes pasou a ser telefónica e o traballo telemático nos fogares.

Habilitouse o teléfono gratuíto

Os horarios de atención na sede pasaron a ser de mañá e tarde, quedando un pequeno grupo a facer este servizo. Todo sempre desde as medidas de prevención e seguridade.

O estado de alarma obrigou a estar sempre atentos ás directrices das autoridades sanitarias e dos distintos estamentos dos gobernos municipais, autonómicos e estatais.

Somos conscientes da responsabilidade que temos, non so ante os nosos participantes, senón de todos os que nunha situación de vulnerabilidade son máis azoutados por esta crise.



## SERVIZO DE ACOLLIDA

O teléfono, internet e os novos medios son os que están a facilitar a presenza da atención ás persoas. Cada familia é o lugar de preocupación do servizo de acollida na sede e nas Cáritas parroquiais. Multiplícanse as atencións e as axudas. Afloran novos problemas e necesitan respostas.

Nestas poucas semanas os datos son un reflexo da cantidade de atencións realizadas, así con un global de 60.228,24 € que se destinaron a axudas recoñecemos a magnitude do labor. Axudas para alimentación, pagos de recibos, alugueres, etc que fan posible que estes días de confinamento sexan máis aliviados se cave, para as familias máis castigadas por esta crise.

Seguimentos realizados desde Cáritas Diocesana entre o 16 de marzo e o 8 de abril de 2020

| PROGRAMA/SERVICIO            | PRESENCIALES | TELEFONICAS | TOTAL |
|------------------------------|--------------|-------------|-------|
| ACOGIDA y EDUCADORA FAMILIAR | 50           | 295         | 345   |
| SALUD (AYUDA A DOMICILIO)    | 36           | --          | 36    |
| TOTAL                        | 86           | 295         | 381   |

## ACOMPANÑAMENTO PSICOLÓXICO

O servizo de acompañamento psicolóxico vista a magnitude dos acontecementos soubo establecer os criterios de actuación e os protocolos deste servizo tan importante. Así, se estableceron unhas liñas: poñerse ao servizo das autoridades sanitarias para acompañar as persoas derivadas e facer unha pautas para as familias que axuden a vivir estas semanas de confinamento.

Este departamento tivo unha subida considerable de demandas facéndose a atención telefónicamente, xa que por motivos de seguridade non pode ser de xeito presencial. En 10 días atendéronse a 44 persoas, das que 4 son de nova incorporación. Número de entrevistas foron 60 e as citas reservadas para os próximos días son entre a psicóloga e o psiquiatra son 65 persoas. A este servizo hai que engadir as atencións que se derivan desde o servizo de acollida.

Este labor non so é fundamental neste intre, senón que, nos tempos que veñen será que faga ter unha visión axeitada para poder sobrevivir na dimensión interior a todos.

## EDUCACIÓN FAMILIAR

Debido ás situación de emerxencia que estamos a vivir e desde que se decretou o Estado de Alarma o Servizo de Educación Familiar reestruturou a súa actividade da seguinte maneira:

- Seguiuse atendendo ás familias realizando seguimentos telefónicos para ofrecer a mellor atención nestes momentos. Está a ofrecerse apoio segundo as necesidades de cada fogar xa que, ás dificultades que anteriormente tiñan as familias, nesta situación de confinamento hai que engadirle outras necesidades que saen á luz:

- \* Apoio emocional e pautas para soportar estes momentos de incerteza
- \* Resolución de conflitos familiares que se agudizan en familias que viven en espazos moi pequenos,
- \* Orientación na xestión do tempo de cada membro e, en especial, dos nenos/ as e adolescentes tendo en conta as especificidades de cada idade.
- \* Pautas para os pais para facer seguimento das tarefas escolares (que se dificulta nalgúns casos por falta de medios tecnolóxicos)

pautas para manexar comportamentos dos menores que non son habituais neles pero que saen debido á situación vivida, etc.

- Están a atenderse novas derivacións de familias que proveñen do Programa de Acollida e que solicitan apoio deste Servizo.

- As actividades grupais que se estaban levando a cabo tivéronse que suspender desde que empezou esta situación pero está a aproveitarse este tempo para actualizar materiais e xerar novos contidos.

## ASESORAMENTO XURÍDICO

Unha nova forma de relación social se estableceu a partir da instauración da alarma sanitaria. As normas emanadas desde os estamentos legislativos teñen consecuencias moi especialmente entre as persoas que viven nunhas condicións de fragilidade no eido dos dereitos sociais, laborais, económicos, etc.

O acompañamento por parte do departamento xurídico axuda, non so a comprender as situacións legais en que se atopan moitas persoas, senón a que non sexan vulnerados os seus dereitos.

Un labor de escoita e acompañamento, de pedagogía e axuda inmediata ante problemas que poden traer como consecuencia auténticos dramas humanos.



## PROGRAMA DE EMPREGO

Dende que empezou esta situación tivemos que cancelar as entrevistas e as accións formativas que estaban previstas.

Así que reestructuramos a nosa acción o mais rápido posible e estamos en:

- Facer chamadas de seguimento as persoas participantes, para preocuparnos pola súa situación e ver novas posibilidades de acción.

- Acompañamentos aos itinerarios, en clave de orientación laboral. Continuamos coas entrevistas establecidas pero na distancia. Asesoramento e orientación a través de ferramentas como o correo electrónico e o teléfono

- Formación en competencias laborais a través da aplicación EMPLEA+ que xa viñamos utilizando, na que a través de internet as persoas participantes poden ir traballando distintas competencias, marcando o seu ritmo, horario, etc.

- Creación de novos materiais formativos. Estamos aproveitando este tempo para actualizar os nosos materiais, os contidos e as presentacións dos obradoiros e reunións grupais que habitualmente desenvolvemos.

- Impartición de módulos transversais de "Dereito Laboral" online. Hoxe impartirase en horario de mañá o terceiro obradoiro de "Dereitos Laborais". Creáronse os contidos e unha das compañeiras, imparte dita formación a través de aplicación colaborativa/participativa.

- Preparación para impartición on-line de novos módulos transversais. Está previsto que a partir da próxima semana poidamos comezar cun grupo de Igualdade de oportunidades. (A idea destes módulos é que as persoas que os cursen agora, non o volvan a facer si finalmente acceden as formacións presenciais que temos previstas)

- Xestión de ofertas/bolsa de emprego. Contacto con empresas/entidades e mediación laboral.



Despois imos improvisando o máis rápido que podemos, en base as solicitudes das persoas coas que estamos contactando.

Estamos tamén creando os procedementos (xestión interna) da Axencia de colocación e actualizando o manual de procedementos internos a nivel de programa de emprego, pero isto non afecta as persoas que atendemos.

Estamos tratando de aproveitar o tempo ao máximo e facer todo aquilo que nunha situación normal resulta máis complicado



## PROXECTO TEXTIL

Desde o proxecto téxtil tamén fai a súa colaboración concreta nesta situación:

Entregáronse ao Concello para o uso no Albergue municipal de Marqués de Valterra 32 xogos de sabas, 16 mantas e 16 colchas.

Púxose ao servizo do Colexio Fogar xestionado polos Salesianos da máquina para ozonizar as marcarillas confeccionadas por eles

Xestionouse a compra de xeles e lupas para os comedores sociais

E póñense os vehículos para a recollida de alimentos do Cash Record e entregalos aos comedores, así como a dispoñibilidade para calqueira viaxe que fose necesaria.

A recollida de roupa nos contenedores estase a facer por ser un servizo á cidadanía necesario e imprescindible.

## CENTRO DE DÍA E ESCOLA INFANTIL

A Escola Infantil e o Centro de día tiveron que pechar as instalacións pero isto non significou o cese de actividade. Unha vez máis o teléfono é o medio de comunicación coas familias, e deste xeito, poder atender as súas demandas. Así foron entregados alimentos que superan algo máis dos 3.000€ e garantir así o coidado dos menores.



As aulas virtuais están a suplir as presenciais e poder seguir o ritmo do curso escolar.

## PROGRAMA DE SAÚDE

O programa de saúde continúa realizando a súa tarefa. A dedicación aos participantes aos que se lles acompaña a citas médicas en hospitais e entrega de medicamentos teñen como nota destacada neste intre a de coidar as medidas de hixiene e prevencións establecidas. Pertencen ao grupo máis vulnerable pois son enfermos con moitos riscos, o VIH os fai extremadamente sensibles ante calquera contaxio. Realizáronse 36 seguimentos.

## COMEDORES SOCIAIS

Cáritas comprendeu desde o inicio de poñerse ao servizo dos Comedores Socais que hai na cidade. O Comedor da Esperanza da Fundación Casa de Caridade e o Comedor Virxe de Lourdes das Misioneiras do Silencio foron o destino dos nosos esforzos. Para canalizar as doazóns habilitouse a conta de emerxencias. Un equipo de voluntariado formado por sacerdotes, relixiosos, relixiosas e leigos puxéronse a disposición destas dúas casas. A entrega das bolsas son levadas a domicilio por unha empresa contratada polo Concello. A demanda foi medrando ata chegar ao número asumible de 370 ao día. Nelas entrégase o xantar e tamén para a cea, comida feita, pan, conservas, froita e doce. Complementábase tamén con bebidas e leite.

As doazóns particulares foron medrando recolléndose nos puntos habilitados: Parroquias de Sagrado Corazón de Xesús, San Antonio da Florida e o Colexio Cluny. Engadíronse posteriormente a froiterías Nieves, Froitería A Xuliana e unha recollida masiva en diversos supermercados liderada pola empresa Vitrasa e o apoio do Concello. As empresas están tamén a realizar un exemplo de solidariedade facendo entrega de alimentos, conserveiras, supermercados,



panaderías, e outras moitas de pequenos negocios que apesares das dificultades económicas que supón esta alarma, fan da xenerosidade o seu lema. As familias son moi sensibles ante o drama que están a vivir persoas moi vulnerables: empregos precarios, persoas sen fogar e que están nos diversos albergues; o municipal e o da Fundación Santa Cruz; así como os que se aloxan no polideportivo habilitado para este fin.

Ata o de agora as comidas entregadas (para o xantar e cea) superan as 50.000.

## BALANCE

Gastos realizados desde o comezo da emerxencia sanitaria son os seguintes

60.228,24 € en axudas derivadas desde a Sede Diocesana

3.442 € para familias atendidas por Cáritas parroquiais

3.000 € en alimentación para familias do Centro de Día

32 xogos de camas, 16 colchas e 16 mantas para o Albergue Municipal de Marqués de Valterra

Milleiros de quilos en alimentación entregado nas Cáritas parroquiais

Colaboración cos comedores sociais:

Os comedores da Esperanza da Fundación Casa da Caridade e o Comedor Virxe de Lourdes da Misionerías do Silencio fixeron entrega de 2.590 comidas á semana, máis de 50.000 comidas desde que comezou a emerxencia sanitaria. (O cómputo de comida inclúe tamén para a cea)

Servizo de acollida e educadora familiar:

50 entrevistas presenciais e 254 por teléfono, un total de 345

60 entrevistas de atención da psicóloga e psiquiatra

15 atencións xurídicas

36 atencións/ acompañamento axuda a domicilio do programa de saúde.



AS DOAZÓNS A CÁRITAS DIOCESANA PÓDENSE REALIZAR A TRAVÉS DA PÁXINA WEB

[https://www.caritas.es/tuivigo/colabora\\_hacerdonacioncomp.aspx](https://www.caritas.es/tuivigo/colabora_hacerdonacioncomp.aspx)

OU NA CONTA DE ABANCA

**ES27- 2080- 5000- 62- 3040250250**

A colaboración cos Comedores Sociais pódese facer como se explica a continuación

*Ayuda a comedores sociales*



«Cada gesto cuenta»

Ante la situación de emergencia sanitaria, los comedores sociales de la Esperanza y la Misión del Silencio, preparan bolsas de alimentos, que posteriormente entregan los servicios municipales, en los domicilios y los espacios habilitados para personas vulnerables.

Para la preparación de las comidas se necesitan: envases desechables (tuppers), cucharas y tenedores de plástico, comidas precocinadas (potajes, legumbres), leche, chocolate ...

Lo pueden entregar en

**PARROQUIA DEL SGDO CORAZÓN DE VIGO**, C/ Rosalía de Castro de 10 a 12 h.

**PARROQUIA S. ANTONIO DE LA FLORIDA**, C/ Fot. José Gil de 11 a 13h y de 18 a 20 h.

**COLEGIO SAN JOSÉ DE CLUNY**, C/ Carballo, de 10 a 18 h.

Y en las tiendas de **FRUTAS NIEVES** y en **FRUTERÍA A XULIANA** Ctra. Vella de Madrid.104

Número de cuenta emergencias de Caritas diocesana destinada al apoyo a los comedores sociales.

**ES39/ 2080- 5000- 683040300568**

COMEDOR DE LA ESPERANZA (Calle San Francisco,69. Vigo Tfno.: 986 43 63 69)

COMEDOR DE LA MISIÓN DEL SILENCIO (Calle Urzaiz, 39. Tfno.: 986 43 69 97)

*Muchas gracias*